



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA A TRAVÉS DO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS – EXPONAV, PARA A CONSERVACIÓN E TRATAMIENTO CURATIVO E PREVENTIVO DE DIFERENTES PEZAS DO MUSEO DA CONSTRUCCIÓN NVAL E DAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS “EXPONAV”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar coa Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas - Exponav o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 3 de outubro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do IGAPE, e EXPONAV para a conservación e tratamento curativo e preventivo de diferentes pezas do Museo da Construcción Naval.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, que soamente poden levarse a cabo pola Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas - Exponav. Trátase dun referente único e exclusivo en Galicia.

Por todo o anterior é a Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas - Exponav a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

